



CONCELLERÍA DE COMERCIO



## Concello de Gondomar

### BASES DO “I CONCURSO DE ESCAPARATES E AMBIENTACIÓN DE LOCAIS DO CONCELLO DE GONDOMAR NADAL 2016”

- 1) Para inscribirse no concurso é obrigatorio ser maior de idade e titular ou cotitular dun establecemento comercial situado no Concello de Gondomar.
- 2) Os motivos e decoración dos escaparates e da ambientación dos locais terán como tema as Festas de Nadal.
- 3) A inscrición é gratuíta.
- 4) O prazo de **presentación de solicitudes rematará o día 10 de decembro de 2016**
- 5) As solicitudes poderán presentarse de luns a venres, en horario de 09:00 a 14:00 horas, no rexistro municipal, ou a través da sede electrónica, <https://concellodegondomar.sedelectronica.gal>
- 6) Os escaparates e a ambientación de locais deberán estar **expostos entre os días 15 de decembro de 2016 e o 6 de xaneiro de 2017**. Aqueles escaparates e locais que non se atopen montados no momento da visita dalgunha das persoas que forman parte do xurado quedarán excluídos do concurso.
- 7) O xurado estará composto por 3 membros:  
Contará coa asistencia de tres técnico/as especialistas, a designar pola Concellaría de Comercio. Así mesmo, persoal pertencente á Concellaría de Comercio, Promoción Económica, Emprego e Turismo actuará como secretaria.
- 8) O xurado valorará
  - Criterio libre. Os escaparates participantes pola súa capacidade de atracción e xeración do desexo de compra, en base aos criterios de composición e deseño, tendo en conta, ademais, a orixinalidade e a elaboración propia.
  - Criterio obrigatorio. A adecuación a beirarrúa correspondente ao espazo do local, a colocación dunha alfombra ou moqueta vermella na entrada ocupando o espazo físico da beirarrúa e dous testos con temática navideña, poderá ocupar toda a fachada do local.
- 9) Non poderán participar no concurso as persoas que formen parte do xurado e que sexan titulares ou cotitulares dun establecemento comercial.
- 10) O fallo do xurado será inapelable e darase a coñecer ao longo do mes de xaneiro de 2016.
- 11) O “I Concurso de Escaparates e ambientación de locais do Concello de Gondomar Nadal 2016” está dotado coa cesión de espazos publicitarios gratuítos na páxina web e redes sociais do concello durante un mes consecutivo, a determinar de acordo, para os tres primeiros clasificados.  
  
Ademais entregaranse os seguintes **premios económicos** aos titulares ou cotitulares inscritos:
  - Primeiro/a clasificado/a concurso escaparates: 300 €
  - Primeiro/a clasificado/a concurso ambientación de locais: 300 €Asimismo entregarase un diploma aos tres primeiros clasificados en cada categoría.
- 12) A participación no “I Concurso de Escaparates e ambientación de locais do Concello de Gondomar Nadal 2016” implica a aceptación destas bases.



CONCELLERÍA DE COMERCIO



Concello de Gondomar



## ANEXO I

### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO "I CONCURSO DE ESCAPARATES E AMBIENTACIÓN DE LOCAIS DO CONCELLO DE GONDOMAR NADAL 2016"

#### DATOS DO ESTABLECEMENTO

Nome Comercial .....

NIF;CIF .....

Actividade .....

Domicilio .....

Localidade .....

Teléfono.....Móbil.....E-mail.....

#### DATOS DA PERSOA TITULAR OU COTITULAR

Nome .....

DNI .....

Domicilio .....

Localidade .....

C.P ..... Provincia .....

Teléfono.....Móbil.....E-mail.....

SOLICITA a inscrición no Concurso na modalidade de (márquese cunha cruz)

Escaparates

Ambientación de local

Gondomar, ..... de ..... de 2016

Sinatura do/a solicitante

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE GONDOMAR



### **Concello de Gondomar**

Dende a Concellería de Comercio e Turismo quérese dinamizar a vindeira campaña do Nadal con tres obxetivos fundamentais:

1º Dárlle á Vila un aspecto distinto e propio destas Festas que expresen nas nosas rúas, prazas e locais comerciais un sentimento de amizade entre os veciños ,de solidariedade, de convivencia e ledicia.

2º Conseguir que este ambiente sexa diferenciador das vilas da contorna que nos permita incrementar o número de visitantes e a súa frecuencia .

3º Froito deste ambiente e a maior presenza de visitantes , conseguiremos que o comercio local mediante a súa oferta incrementen e consigan mellorar os seus obxetivos.

Par elo o Concello implicarase na ambientación dos espazos comúns mediante a iluminación , megafonía ... , e propón aos establecementos un concurso de ambientación e escaparatismo dos seus locais , cuxas bases se adxuntan .

Gondomar, 28 de outubro de 2016

O Concelleiro de Comercio e Turismo

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Xosé Antón Araújo Rodríguez'.

Xosé Antón Araújo Rodríguez